

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

- 9006** *Orde HAP/1465/2012, do 28 de xuño, pola que se desenvolven o procedemento e as condicións de retención da participación nos tributos do Estado das entidades locais que non concerten as operacións de endebedamento, e se establece a remisión de información ás comunidades autónomas para estes efectos, de acordo co previsto no Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais, e no Real decreto lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores.*

O Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigacións de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais, recolle, no seu artigo 11, que no caso de que as entidades locais non concerten a operación de endebedamento, o órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas efectuará as retencións que procedan con cargo ás ordes de pagamento que se emitan para satisfacer a súa participación nos tributos do Estado.

Por outra parte, o Real decreto lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o financiamento dos pagamentos a provedores, prevé, nos seus artigos 7 e 8, que este fondo poderá efectuar operacións de cancelación de obrigacións pendentes de pagamento das entidades locais, por instrución do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, tendo en conta que se a entidade local non concertase a operación de endebedamento prevista no mencionado Real decreto lei 4/2012, a retención da súa participación nos tributos do Estado compensará os gastos e custos financeiros en que incorreren.

Así mesmo, o Real decreto lei 4/2012 regula a elaboración e remisión duns plans de axuste por parte das entidades locais que, de resultaren valorados favorablemente polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, derivan na concertación de operacións de endebedamento previstas no artigo 10, o que pode condicionar a autorización de futuras operacións financeiras que pretendan concertar as entidades locais.

Co obxecto de posibilitar o mellor exercicio da tutela financeira das entidades locais por parte das comunidades autónomas que teñen atribuída aquela competencia nos seus estatutos de autonomía, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, conforme o principio de lealdade institucional, subministrarlles información dos plans de axuste que valorase, así como das operacións de endebedamento que concerten en aplicación do referido real decreto lei.

Facendo uso das habilitacións xerais recollidas en favor do ministro de Facenda e Administracións Públicas na disposición derradeira segunda do Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, e na disposición derradeira segunda do Real decreto lei 7/2012, resulta necesario desenvolver o procedemento e as condicións que se aplicarán para a retención da participación nos tributos do Estado daquelas entidades locais que non concerten as mencionadas operacións de endebedamento, así como a remisión de información ás comunidades autónomas.

En virtude do exposto, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Procedemento para aplicar as retencións da participación nos tributos do Estado das entidades locais.*

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas determinará o importe da débeda pendente da entidade local que non concertase a operación de endebedamento prevista

no Real decreto lei 4/2012, comunicarllo e executará as retencións sobre a participación nos tributos do Estado da entidade local, de acordo co previsto na Lei de orzamentos xerais do Estado e o procedemento seguinte:

1. A Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local aplicará cada mes a retención correspondente sobre a participación nos tributos do Estado da entidade local.
2. Aplicada a retención mencionada no punto anterior, a Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local transferirá mensualmente os importes retidos ao Fondo para o financiamento dos pagamentos a provedores, a través do seu axente de pagamentos, que é o Instituto de Crédito Oficial.
3. Mensualmente o Instituto de Crédito Oficial e a Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local intercambiarán os datos necesarios para manter actualizada a información sobre a débeda pendente de cada entidade local co Fondo de Financiamento dos pagamentos a provedores ata a súa total cancelación.

Artigo 2. Condicións aplicables ás retencións da participación nos tributos do Estado en caso de que a entidade local non concertase a operación de endebedamento.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas executará as retencións sobre a participación nos tributos do Estado da entidade local que non concertase a operación de endebedamento prevista no Real decreto lei 4/2012, de acordo co previsto na Lei de orzamentos xerais do Estado e as condicións seguintes:

1. O período inicial de amortización da débeda contraída pola entidade local co Fondo para o financiamento do pagamento a provedores será, como máximo, de cinco anos contados desde a primeira retención da súa participación nos tributos do Estado, que efectúe a Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local que, en todo caso, se iniciará en setembro de 2012.
2. O tipo de xuro aplicable durante o período inicial de amortización sinalado no punto anterior será o mesmo que resulte aplicable ás entidades locais que concerten a operación de endebedamento prevista no Real decreto lei 4/2012.
3. Se transcorridos os cinco anos mencionados no punto 1 e da aplicación das regras contidas na Lei de orzamentos xerais do Estado en cada exercicio, as retencións efectuadas sobre a participación nos tributos do Estado non resultaren suficientes para cancelar o total da débeda contraída pola entidade local co Fondo para o financiamento do pagamento a provedores, aplicaranse as mencionadas retencións durante o período de tempo adicional que resulte necesario ata cancelar o total da débeda.

Neste caso, sobre estas contías pendentes de pagamento, que se considerarán atrasos no pagamento da débeda, aplicarase o tipo de xuro sinalado no punto 2 incrementado nos gastos e custos financeiros en que incorrese o Fondo para o financiamento do pagamento a provedores. Para estes efectos, logo de informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, o mencionado fondo adoptará un acordo en que determinará o tipo de xuro aplicable a partir dese momento conforme os criterios indicados.

4. En calquera momento, a entidade local debedora do Fondo para o financiamento do pagamento a provedores poderá efectuar amortizacións anticipadas da débeda pendente de pagamento.

Artigo 3. Remisión de información ás comunidades autónomas que teñan atribuída a tutela financeira das entidades locais.

1. En relación co exercicio da tutela financeira das entidades locais por aquelas comunidades autónomas que a teñan atribuída nos seus respectivos estatutos de autonomía, o órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas comunicarlles, coas valoracións realizadas, os plans de axuste presentados polas entidades locais pertencentes ao seu ámbito territorial de acordo co disposto no artigo 7 do Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigacións de

información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais.

2. Así mesmo, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas comunicaralles ás comunidades autónomas mencionadas no punto 1 as operacións de endebedamento que concerten as entidades locais dos seus correspondentes ámbitos territoriais conforme o disposto no artigo 10 do mencionado Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «*Boletín Oficial del Estado*».

Madrid, 28 de xuño de 2012.—O ministro de Facenda e Administracións Públicas, Cristóbal Montoro Romero.